



Copias

MOCIÓN PARA A REGULACIÓN DA COLOCACIÓN DE PLACAS E MONUMENTOS CONMEMORATIVOS E ELEMENTOS ANÁLOGOS

Ao abeiro do artigo 85 do Regulamento Orgánico Municipal, O Grupo Municipal Popular presenta para a súa inclusión no Pleno a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A colocación de elementos no dominio público está -con carácter xeral e para os casos de actividades, instalacións ou obras en vía pública- regulada a través dunha específica ordenanza municipal.

Porén, para os casos de solicitudes relacionadas coa colocación de placas, monumentos e outras instalacións conmemorativas análogas entendemos que non existe unha regulación concreta, a pesar do seu carácter de permanencia no tempo e da particularidade de que a súa instalación leve consigo o incremento de facto do patrimonio municipal, co que iso supón para a súa atención e mantemento por parte do Concello.

A colocación de calquera instalación conmemorativa, tanto no que atinxe ao seu motivo e texto, como no relativo ao seu material ou lugar de colocación, mesmo a participación e protocolo por parte do Concello, deberían ser obxecto dunha actuación o máis taxativa posible, máxime cando existe a posibilidade de que as propostas sexan de iniciativa privada ou de terceiros.

Recentemente, o concelleiro de Medio Ambiente e Convivencia autorizou a instalación dun monólito de pedra nos xardíns situados xunto á igrexa de San Caetano, unha instalación interesada formalmente por unha iniciativa privada.

O título habilitante para a instalación referida (conmemorativa dun campamento reivindicativo) constitúe un precedente que, de estenderse, pode comprometer o bo uso do dominio público e a prudente configuración da paisaxe urbana, así como tamén pode comprometer o xusto exercicio da potestade discrecional da Administración Local, en orde a conceder ou non a instalación de elementos semellantes, toda vez que resulta fundamental motivar por que se autorizan ou conceden unhas instalacións conmemorativas sobre o dominio público e non outras, entre as diversas solicitudes posibles.

Tendo en conta que, por acordo plenario de decembro de 2015, se ten aprobado o estudo, a redacción e o sometemento ao Pleno dun Regulamento para a concesión de honras e distincións outorgadas polo Concello de Santiago, consideramos que esta cuestión debería ser incluída e determinada no seu texto, pero, mentres tanto, os casos que vaian xurdindo terían que ser abordado na Comisión de Condecoracións constituída para este fin.


En consecuencia, o Grupo Municipal Popular propón para o seu debate no Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

O Pleno do Concello insta ao correspondente órgano do Goberno municipal a que:

- 1. As iniciativas de ocupación do dominio público con fins conmemorativos ou semellantes –interesadas por particulares ou promovidas polo Concello- que impliquen obra ou instalacións fixas, ou que sendo instalacións desmontables se prolonguen no tempo, sexan sometidas ao ditame da Comisión de Condecoracións, sen prexuízo da obtención doutros ditames.*
- 2. No Regulamento de Concesión de Honras e Distincións do Concello de Santiago que se aprobe no actual mandato se dedique un apartado específico para regular de forma taxativa todo tipo de instalacións conmemorativas.*

Santiago a 12 de decembro de 2016



Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal Popular